

NOME:

GRUPO:

# ACTIVIDADES DE REPASO

## I GUERRA MUNDIAL E REVOLUCIÓN RUSA



### 1. VOCABULARIO: identifica o termo ou personaxe histórico: (Escribe a resposta en maiúsculas)

- Territorio fronteirizo polo que rivalizaban Francia e Alemaña.
- Número aproximado de soldados mortos na 1ª Guerra Mundial.
- Rexión en Europa que xerou moitas tensións entre as potencias, especialmente entre Austria-Hungría e Rusia.
- Organismo supranacional que debía garantir a paz trala Gran Guerra.
- Pensador e político ruso que lidera a revolución baixo ao lema "todo o poder para os soviets".
- Tratado de paz entre Alemaña e Rusia asinado en 1917.
- Nome do tratado que Alemaña considera un "Diktat"
- Termo referido a un conflito bélico que no se limita ao campo de batalla e que afecta a toda a sociedade.
- Asemblea de obreiros, campesiños e soldados que nacen para organizar a oposición ao tsar.
- Facción máis radical do Partido Obrero Socialdemócrata ruso.

### 2. CAUSAS DA GUERRA: completa o texto co termo adecuado (Escribe a resposta en maiúsculas)

- Nos anos previos á Gran Guerra, en Europa dominaba un clima de \_\_\_\_\_ debido ás rivalidades entre as potencias.
- Debemos diferenciar entre causas \_\_\_\_\_ e a causa \_\_\_\_\_ que foi o atentado de Saraxevo do herdeiro da coroa de \_\_\_\_\_, Francisco Fernando.
- Os problemas entre os principais países europeos foron: 1. os enfrontamentos \_\_\_\_\_; 2. o auxe do \_\_\_\_\_; 3. a competitividade \_\_\_\_\_ e comercial; e 4. o sistema de \_\_\_\_\_
- Os principais bloques eran, por unha banda, o formado polos denominados potencias ou imperios \_\_\_\_\_ ou tripla alianza, na que estaban \_\_\_\_\_, Austria-Hungría e inicialmente \_\_\_\_\_; por outra, as potencias \_\_\_\_\_ que formaba a triple \_\_\_\_\_ inicialmente eran Reino \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e Rusia, pero foron incorporándose máis países ata 1917.
- Este sistema de alianzas vai alimentar un crecente militarismo que provocará unha carreira de \_\_\_\_\_ na que os países europeos invertirán grandes sumas de diñeiro. Paralelamente, a prensa, a radio, e os medios de comunicación transmiten un optimismo bélico apelando aos sentimentos \_\_\_\_\_ para convencer á poboación da necesidade dunha guerra.

### 3. ETAPAS DA GUERRA: coloca os acontecementos no lugar que corresponda.

- Batalla de Verdún
- Plan *Schlieffen*
- 2ª Batalla do Marne
- Guerra de *Trincheiras*
- Entrada de EUA na Guerra
- Batalla de Tanneberg
- Derrota de austríacos, búlgaros e turcos
- Tratado de Brest-Litovsk.

----- Ano	----- Anos	----- Ano	----- Anos
GUERRA DE MOVEMENTOS	GUERRA DE POSICIÓN	CRISE	ÚLTIMAS OFENSIVAS
[Empty Box]	[Empty Box]	[Empty Box]	[Empty Box]

### 4. VERDADEIRO OU FALSO?: Indica se son verdadeiras (V) ou (F) as seguintes frases e subliña a parte incorrecta:



- Houbo máis vítimas mortais pola mal chamada “Spanish flu” que pola I Guerra mundial.
- En 1918 e tralo triunfo da revolución bolchevique, en Rusia se inicia unha guerra civil no que van intervir algunhas potencias europeas a favor do tsar.
- Un dos problemas na rexión dos Balcáns é que Austria-Hungría anexiona Albania en 1908.
- O novo mapa de Europa nado trala I G.M. permite que perduren os 3 vellos imperios: Austrohúngaro, Alemán e Turco.
- Na revolta rusa de 1905 o Tsar Nicolás II abdica e o goberno provisional termina fracasando polo mantemento de Rusia na I G.M.
- En 1924 morre Lenin e Troski vaino suceder como líder da URSS.
- Na conferencia de Berlín de 1885 Alemaña queda satisfeita co reparto colonial feito no continente africano.
- O primeiro país en declarar a guerra foi Rusia a Serbia en xullo de 1914 como consecuencia do atentado en Saraxevo.
- Trala Gran Guerra ábrese un periodo de forte inestabilidade na política europea co auxe dos rexímenes autoritarios.